



ESTRATEGIA DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE AMIGOS DA TERRA

Este documento é resultado dun proceso participativo e de consulta ás persoas socias de Amigos da Terra, que tivo por obxectivo a definición, significación e construción colectiva da Educación para o Desenvolvemento en Amigos da Terra.

Para favorecer a maior participación posible, elaborouse e remitiuse ás persoas socias, unha enquisa online con preguntas clave sobre cada un dos apartados que constitúen a presente estratexia.

Este documento marco é resultado, pois, das preferencias da base social da organización e como tal, agardamos que sirva como punto de partida e guíe as accións de Amigos da Terra neste eido.

1. DEFINICIÓN DA EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO: CONCEPTO, DIMENSIÓNS E EIDOS DE ACTUACIÓN

1.1 QUE CONSIDERAMOS POR "EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO"?

Considerando que non existe unha única definición de “Educación para o Desenvolvemento”, a definición que se recolle a continuación nace da elección maioritaria das persoas socias. É produto da combinación de varias definicións, trasladadas de grupos de traballo e campañas nas que a organización ten participado e, polo tanto, coas que se atopa en sintonía; e da incorporación de elementos clave recollidos no proceso participativo.

“Amigos da Terra entende a Educación para o Desenvolvemento como un proceso educativo socioafectivo, para xerar conciencia crítica, promover unha cidadanía global politicamente activa e comprometida en accións de transformación social a favor dun desenvolvemento humano xusto, equitativo e sustentable, no marco do respecto aos Dereitos Humanos e dende unha perspectiva feminista; coa fin de constuír unha sociedade civil, tanto no Norte

como no Sur, comprometida coa solidariedade (entendida esta como corresponsabilidade); cuxas demandas, necesidades, preocupacións e análises se teñan en conta á hora de tomar decisións políticas, económicas e sociais”.

1.2 DIMENSIÓNS DA EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

As actuación de Amigos da Terra neste eido abarcarán, na medida do posible, as catro dimensións da Educación para o Desenvolvemento, isto é:

-SENSIBILIZACIÓN. Ten a finalidade de iniciar procesos de transformación persoal despertando consciencias sobre as problemáticas mundiais. A sensibilización presenta as causas das desigualdades internacionais e amosa, ademais, posibles alternativas para o cambio.

-FORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO. Ten o obxectivo de axudar a comprender os problemas mundiais e concienciar e orientar ás persoas cara a adopción de actitudes e aptitudes que conduzan á transformación persoal e social. Os seus contidos analizan as causas do empobrecemento e a exclusión desde unha perspectiva global baseada nos enfoques transversais que deben estar presentes en todo proceso educativo (dereitos humanos, xénero e sustentabilidade ambiental).

-INVESTIGACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO. Ten como obxectivo a análise en profundidade das desigualdades e os problemas de desenvolvemento e formula propostas de cambio cara un desenvolvemento humanos sostible.

-MOBILIZACIÓN SOCIAL E INCIDENCIA POLÍTICA. Persegue a transformación das políticas municipais, nacionais e internacionais de cara a acadar un mundo xusto. Intenta influír nos organismos e nas persoas que dende os distintos ámbitos toman decisións que afectan ao benestar das persoas.

1.3 ESPAZOS DE ACTUACIÓN

A Educación para o Desenvolvemento, ao igual que calquera proceso educativo, pode desenvolverse a través de distintos espazos de aprendizaxe. Se ben se considera axeitado actuar nos tres espazos educativos tradicionalmente identificados (educación formal, non formal e informal); **priorizáranse as actuacións centradas nos espazos da educación non formal e informal (por esta orde), fronte ás actuacións desenvoltas na educación formal.** Neste contexto, consideráranse as seguintes definicións de cada un dos espazos educativos:

1-EDUCACIÓN INFORMAL: Proceso de aprendizaxe continuo e espontáneo que duplica o campo de acción dos ámbitos formal e non formal. As aprendizaxes deste ámbito están determinadas por situacións cotiás de contacto social: son experiencias que se dan en espazos distintos a aqueles nos que se produce a educación habitual (exemplo: medios de comunicación, internet, ocio, autoaprendizaxe...).

2-EDUCACIÓN NON FORMAL: Proceso educativo especificamente deseñado en función de obxectivos explícitos de formación ou de instrución. Non están directamente dirixidos á oferta de titulacións propias do sistema educativo regulado. Aínda que non estea institucionalizada, trátase dunha ED organizada, estruturada e deseñada para grupos obxectivos identificables. (exemplo: As Corcerizas e outros espazos formativos para adultos e nenos)

3-EDUCACIÓN FORMAL: Proceso educativo levado a cabo en institucións educativas oficialmente recoñecidas para impartir o currículo regulado pola administración educativa, e que dá acceso a titulacións ou certificados oficiais recoñecidos e homologados.

2. TEMÁTICAS, ALIANZAS E ESPAZOS DE TRABAJO

2.1 TEMÁTICAS DE TRABAJO

A continuación se recollen temáticas específicas respecto da cales se concluiu que Amigos da Terra presenta potencial ou fortaleza para desenvolver proxectos exitosos de Educación para o Desenvolvemento, por mor do seu coñecemento especializado e experiencia previa. **As actuacións de Amigos da Terra neste eido priorizarán pois, as seguintes temáticas ordeadas de maior a menor relevancia estratéxica:**

1-CONSUMO RESPONSABLE (exemplo: soberanía alimentaria, agricultura ecolóxica, alimentación local e sustentable)

2-RESIDUOS (exemplo: redución e compostaxe orgánica)

3-CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA (exemplo: pegada de carbono, enerxías renovables)

4-COOPERACIÓN (exemplo: problemáticas globais de agroecoloxía, pesca sustentable, restauración e conservación ambiental, auga e saneamento)

5-CONSERVACIÓN E USOS DA TERRA. (exemplo: recuperación forestal)

2.2 ALIANZAS ESTRATÉXICAS

A continuación se recollen, ordeados de maior a menor relevancia, os principais actores clave identificados, cos que establecer redes de colaboración ou alianzas estratéxicas:

1-MEDIOS DE COMUNICACIÓN

2-AGRICULTORES/AS ECOLÓXICOS/AS

3-ONGD

4-ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

5-UNIVERSIDADES/ FORMACIÓN PROFESIONAL

6-CENTROS EDUCATIVOS

3. ORGANIZACIÓN INTERNA E INTEGRACIÓN NO ORGANIGRAMA

Segundo os resultados do proceso participativo desenvolto coa base social de Amigos da Terra, identifícase e consensúase que **a área de cooperación** (tradicionalmente responsable, coordinadora e executora da maior parte das actuacións de Educación para o Desenvolvemento), **debe seguir sendo a que artelle os proxectos educativos, tendo en conta as liñas de traballo prioritarias de cada área** posto que é a que máis facilmente pode integrar a visión global (ou Norte-Sur) das problemáticas ambientais.

Non obstante, establécese que en lugar de ser unha área de traballo pase a ser unha **liña estratéxica transversal** denominada “Cooperación e Educación para o Desenvolvemento”, co obxectivo de poñer en valor e visibilizar a labor que se desenvolve neste campo.

4. “AS CORCERIZAS” COMO RECURSO EDUCATIVO

Amigos da Terra xestiona dende o ano 2002 un **proxecto educativo específico e diferencial**, no **Centro de Educación Ambiental “As Corcerizas”**, co obxectivo de liderar e demostrar un novo modelo de desenvolvemento baseado en criterios de sustentabilidade, a través de alternativas prácticas que minimicen o noso impacto ambiental e social e que podan ser facilmente incorporadas na toma de decisións diaria. En As Corcerizas, onde Amigos da Terra desenvolve actividades formativas e outras accións de Educación para o Desenvolvemento, apostamos por un cambio de paradigma, empregando diferentes ferramentas que nos capaciten para poder adoptar actitudes responsables sen percibilas como custosas ou como unha renuncia nos niveis de calidade de vida acadados.

A partir do proceso participativo, acórdanse de xeito practicamente unánime dúas medidas:

1. Deberá incluírse e priorizarse, na medida do posible, a celebración de formacións e actividades de Educación para o Desenvolvemento no Centro.
2. Deberá revisarse o proxecto educativo actual de As Corcerizas co obxecto de actualizado e incluílo como anexo á presente estratexia. (ver anexo 1)¹

¹ Inclúese no anexo 1 a versión actual do proxecto educativo de “As Corcerizas”. Sempre que este proxecto educativo sexa revisado e/ou actualizado, reemplazarase a actual versión do mesmo polo novo documento xenerado.